

## OBRADOIRO ¿ POR QUE NON TRABALLAMOS EN EQUIPO?

### OBXECTIVOS:

- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.

### PROGRAMA:

- **MÓDULO 1.- ACHEGÁNDONOS AO XEITO DE TRABALLAR NA COOPERATIVA.**
- **MÓDULO 2.- DESENVOLVENDO HABILIDADES PARA O TRABALLO GRUPAL.**

### CONTIDOS:

**1º sesión.**- Presentación de Ugacota e da Rede Eusumo. Como se traballa nunha cooperativa? Habilidades Sociais e persoais: Habilidade para manexar emocións. Autocoñecemento. Autoestima.

**2º sesión.**- Habilidades de comunicación: A Comunicación. A escoita activa. Barreiras na Comunicación. Empatía e asertividade. Habilidade para xestionar críticas, peticóns e eloxios.

**3º sesión.**- Habilidades de xestión social: Traballo en Equipo. Características do traballo en equipo. Vantaxes e inconvenientes. Fases de maduración do equipo. Os roles nos equipos de traballo. Toma de decisións: Tipoloxía. A toma de decisión en grupo, vantaxes e inconvenientes. Fases e factores que inflúen na toma de decisións.

**4º sesión.**- Habilidades de xestión: O conflito. Tipos de conflito. Factores e estratexias para a resolución de conflitos. Estilos de resolución de conflitos.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate.

A acción formativa configúrase en 4 sesións de 5 horas de duración cada unha. En cada sesión traballarase sobre unha habilidade específica, desenvolvendo dinámicas e actividades colaborativas e contextualizando a actividade no marco da xestión da cooperativa.

### EQUIPO DOCENTE

Formado por persoal técnico con contrastada experiencia en asesoramento cooperativo e docencia

### DIRIXIDO A

Persoas interesadas en desenvolver habilidades para o traballo en equipo

Grupo mínimo: 12 persoas

Grupo máximo: 20 persoas